

Informe FEIRA DE BOLOÑA, 2010

Texto: Manel Cráneo (AGPI-FADIP)

Fotos: Verónica Leonetti (APIV)

INFORME: FEIRA BOLOÑA 2010

Texto: Manel Cráneo (AGPI-FADIP)

Fotos: Verónica Leonetti (APIV)



Entre os días 23 e 26 de marzo desenvolveuse a BOLOGNA BOOKS FAIR 2010 con Eslovaquia como país convidado. O seguinte informe recolle un resumo da participación da AGPI na feira.



RESUMO DA PARTICIPACIÓN DA AGPI EN EDICIÓNS ANTERIORES

2006 Acoden Kiko da Silva para facer un tenteo da feira. Carecemos de informe oficial desta viaxe.

2007 Acoden Óscar Villán e Manel Cráneo e realizan os primeiros contactos de cara ao futuro. Repártense catálogos da exposición Can de Palleiro como medio promocional. Posteriormente realízase un estudo sobre o funcionamento da feira e un informe completo con vistas a crear unha estratexia de acción de AGPI nesta feira para futuros anos.

2008 Acoden Manel Cráneo e Pintureiro. Coa base establecida o ano anterior, poñen en marcha unha estratexia de promoción dos asociados utilizando un avance en CD da nosa actual *Guía AGPI* e mostras dos catálogos *Plantando Libros* e *Quero Medo*. Realízase unha lista de contactos establecidos que foi axuntada no correspondente informe oficial.

2009 Manel Cráneo e Pintureiro continúan o seu traballo de representar a AGPI na feira. Realizan a campaña de promoción da *Guía AGPI* mantendo reunións e creando contactos con editores estatais e internacionais. Afíanzase a metodoloxía de traballo posta a proba en anos anteriores.

Os informes correspondentes a todas estas feiras poden consultarse na zona socios da nosa web:

www.agpi.es

Antecedentes feira 2010

Durante os anos anteriores procuramos ter dous representantes, tendo en conta o volume de traballo que xera a feira en canto a relacións públicas, actividades, reunións e actos oficiais. Polo xeral, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, viña pagando a viaxe dun representante da AGPI e a propia asociación cubría os gastos da segunda persoa.

Á marxe disto, a Consellería paga todos os anos a viaxe dun ilustrador. O ano pasado foi Xan López Domínguez e este ano David Pintor, xa que estaba seleccionado para a mostra oficial da Feira. Nestes casos a xestión e a responsabilidade son da propia Xunta; AGPI non ten nada que ver, xa que estes ilustradores convidados acoden a modo persoal e non en representación da asociación. Convén definir este tipo de cuestións para que non se produzan malentendidos.

O presente ano 2010, a Xunta sufriu un atraso na apertura de orzamentos e xestionaron a viaxe con escasos días de antelación. Por motivos económicos e de tempo, AGPI non puido asumir o custo dun segundo delegado e finalmente acode só Manel Cráneo.

Outro tema que hai que ter en conta este ano é que a Xunta tampouco xestionou unha estancia completa na feira, e tan só puidemos operar nela durante dous días e medio, e non as catro xornadas que dura.

Tendo en conta isto, houbo que axustar a axenda ao máximo.



RESUMO BOLOGNA BOOKS FAIR 2009

1. CAMPAÑA DE PROMOCIÓN AGPI

Coa idea de levar cada ano unha nova peza promocional ás feiras, este ano editamos o *pantonario* de marcapáxinas da AGPI, con participación aberta a todos os asociados. Coa prema do tempo, a imprenta entregounos 55 exemplares para levar a Boloña. 50 aparafusados e os demais para repartir soltos. Os soltos deixáronse para repartir no *stand* de Galicia durante o derradeiro día de feira.

Dentro do escaso prazo de tempo que tiñamos na feira, visitáronse preferentemente os editores que xa tiñamos contactados doutros anos, para repartirles o material. A recepción por parte das editoriais foi máis que positiva nos casos onde puidemos falar directamente con editores ou directores de arte, porque nalgunhas editoriais non estaban e houbo que deixarlle o *pantonario* ao comercial correspondente para que llo fixese chegar á persoa adecuada. Neste aspecto, a feira pegou un baixón con respecto a outros anos, que se analiza máis adiante no capítulo de conclusións do informe.

Ademais de entregar *pantonarios* en editoriais, reserváronse algúns exemplares para darlle aos tres socios que asistiron a feira, aos representantes políticos e a outros de entidades como a OEPLI, AGE e outras asociacións de ilustradores.

A FUNCIÓN DO MARCAPÁXINAS

En xeral o formato gustou por ser máis manexable e menos pesado cá guía do ano anterior. A xente prefere isto porque o último día levan as maletas a tope e agradecen formatos de catálogo que ocupen e pesen menos.

Xa temos probado con CD promocional, guía e agora este *pantonario*, e cada ano imos mellorando. A opción para seguintes anos podería ser moverse cara a este tipo de formato editado en papel e de carácter manexable como o *pantonario*.

Para o noso funcionamento na feira, tamén é máis cómodo de cara á persoa que ten que andar cargando todo o día con eles para repartilos: menos peso e máis efectividade.

2. REUNIÓNS E ACTIVIDADES

Estando alí dous días e medio e a pesar da pouca marxe de tempo que iso supón en relación a anos anteriores, fixéronse contactos institucionais de interese, ademais das visitas a editoriais. Asistiuse á presentación oficial do catálogo de edición galega que leva anualmente a Xunta en colaboración con AGE e GÁLIX. Este foi un dos mellores momentos para establecer contactos institucionais.



1. CONVERSA CO DIRECTOR XERAL DE CULTURA

Manteño unha conversa co director xeral de Cultura. Entrégolle un exemplares do *pantonario* e aproveito para lle expor que non é normal que AGPI estea movéndose nunha feira internacional cun *pantonario* de ilustradores galegos pagado polo Concello da Coruña. Este tipo de publicación tería que ser promovida pola propia Xunta de Galicia. O director xeral mostra certa resignación como asumindo que efectivamente isto é algo que tería que ser apoiado pola Xunta. Admite e dalgún xeito comprométese a seguir traballando con AGPI de cara a mellorar este tipo de cuestións. Para poder formalizar estes asuntos convén que a propia directiva da AGPI siga insistindo a través de reunións bilaterais.

2. CONVERSA COA ORGANIZADORA DA DELEGACIÓN GALEGA

Falo tamén día con Dolores Tobío, ampliando a conversa previa que tivera co director xeral na que ela tamén estaba presente. Esta é a persoa que organiza a asistencia a feiras desde que houbo o cambio de goberno.

Móstrase interesada en que fagamos propostas en firme de cara ao vindeiro ano para reforzar a nosa presenza no *stand* de Galicia, que era o que eu reclamaba, dalgunha maneira.

Falamos da posibilidade de dedicar un pequeno espazo do *stand* galego a unha exposición ou *plotters* con imaxes de ilustradores ao estilo do que se fai no *stand* da comunidade catalá.

Tamén falamos da importancia de que a Xunta edite a guía de ilustradores asumindo que é a entidade que debe apoiarnos en asuntos deste ámbito.

Dolores interésase en que lles mandemos un informe de todo o que facemos na feira para valorar o esforzo da AGPI en promover a ilustración galega na feira, e intentar así incrementar a axuda e o apoio por parte da consellería.

3. CONVERSA CON AGE SOBRE O LIBRO DIXITAL

Outro dos obxectivos para esta feira era falar con Alfonso Sanmartín, presidente da AGE, para tratar o asunto do libro dixital, que tanto nos preocupa aos ilustradores ultimamente. Antes de falar con el pregunteille a outros editores galegos que andaban por alí para tentear un pouco o asunto das porcentaxes que lle corresponderían aos autores. A resposta máis xenerosa foi a de Xosé Ballesteros, de Kalandraka, que falaba de que aos autores lles debería corresponder un 25% do prezo. Esta xa é unha porcentaxe máis realista da que ofrece actualmente algunha outra editorial galega, en torno ao 2%.

Na conversa mantida con Alfonso Sanmartín, aclara varias cousas. Os editores tamén andan un pouco desorientados ante este novo formato de edición de cara á súa explotación. Sanmartín fala de que el xa estaba pensando contactar connosco, porque se está a formar o Clúster da Edición Galega e queren que os ilustradores esteamos dentro. Na súa opinión, é unha boa oportunidade para establecer entre todos unhas bases que controlen o mercado do libro dixital, de maneira que ninguén saia prexudicado.

Pídolle que tentemos organizar unha reunión previa entre directivas da AGPI e da AGE en Galicia, tema que temos pendente desde hai moito tempo. Esperemos que desta vez poidamos consensuala e se leve adiante finalmente para poder abordar este e outros temas. Esta é xa unha acción que debe levar a cabo a nosa directiva aproveitando o interese mostrado pola AGE.

4. REUNIÓN FADIP-EIF

Aproveitando o contorno da feira, levabamos xa unha reunión previamente organizada da comisión de FADIP que vai a estudar a posibilidade de xerar proxectos de financiamento europeo en colaboración con outras asociacións do EIF.

Na reunión, á que asistimos representantes de todas as asociacións, no *stand* de APIC, trazamos un esqueleto dun posible proxecto e analizamos as posibilidades que temos de cara a presentalo en Bruxelas para conseguir financiamento económico. A reunión lévanos unha mañá enteira.

Para esa mesma tarde, improviso unha reunión con Eva Mejuto, de editorial OQO, que este ano recibiu unha axuda europea, para que explique aos membros da nosa comisión as pautas e claves para poder moverse con proxectos deste tipo.

Estas dúas reunións foron bastante densas e produtivas e ocuparon practicamente o horario do último día que estiven na feira.



NA FOTO: Lluís Miquel Abián (APIC), Mar Corominas (APIC), Manel Cráneo (AGPI), Danimaiz (APIE), Sally Cutting (APIM). Foto: Verónica Leonetti (APIV)

5. CONVERSA CON OEPLI

Encontreime na feira coa presidenta da OEPLI. Como xa era sabido, este ano desenvólvese o IBBY en Santiago de Compostela. Coméntase a posibilidade de facer algunha actividade da AGPI dentro do IBBY. Ela dime que estaría ben unha exposición sobre as minorías, que é o tema principal deste ano. Preséntame a Henrike, a rapaza que dirixe o asunto, e dime que nos poñamos en contacto para ver se habería posibilidade de organizalo, porque o programa a estas alturas xa está bastante completo. Haberá que estudar na directiva da AGPI se é viable intentalo a estas alturas.

4. PREMIOS ANDERSEN

Durante a feira deuse a coñecer o resultado dos Premios Andersen, aos que estaba este ano nomeado o noso socio Xan López Domínguez. Lembrámosvos que Xan xa estivo nomeado o ano anterior ao Astrid Lingren, que é outro dos premios máis prestixiosos da literatura infantil e xuvenil no ámbito internacional. Ao final, o premio recaeu, na modalidade de ilustración, en Jutta Bauer. As medallas e os premios serán entregadas en setembro en Santiago de Compostela durante o IBBY. Sería histórico que o premio recaese nun galego xusto o ano que o IBBY se leva adiante en Galicia, pero, aínda que é unha mágoa que o premio non caese en Xan, consideramos que o simple feito de ter un dos nosos autores nomeados é xa un bo motivo de celebración.



5. EXPOSICIÓNS

Visitamos a exposición anual da feira a salto de mata. A selección deste ano, coma sempre, é heteroxénea e dá unha imaxe global das diferentes correntes que se levan dentro do panorama internacional. Este ano, por segunda vez, o noso socio David Pintor foi seleccionado para esta mostra.

Reincido en algo que xa propuxen o ano anterior: sería de interese que AGPI comprometése uns cartos para ir adquirindo o catálogo anual da feira para ter na nosa sede a disposición dos socios; ata agora nunca se fixo. Sería un material moi bo para ter na nosa biblioteca.

A apertada axenda de traballo non me permitiu ver nada máis este ano.



VALORACIÓNS PERSOAIS SOBRE BOLOÑA 2010

1. Sobre o apoio da Xunta, como anticipaba no informe, este ano non asumiron levarnos á feira completa. Tardaron en facer as xestións e ademais, por primeira vez nos anos que levamos asistindo, non asumiron o pago das dietas, polo que a propia AGPI tivo que asumir o custo destas. Outro detalle que influíu negativamente á hora de moverse por alí foi a distancia que separaba o hotel da feira e do centro da cidade. Do hotel ao centro había sete quilómetros, xa que estaba nos arredores da cidade. É o ano que peor situados estivemos. Haberá que remanexar a situación con eles de cara ao vindeiro ano, xa que, segundo comentaron, isto se debeu aos problemas orzamentarios cos que contaban, pero manifestaron a súa intención de mellorar as condicións de apoio.
2. Comprobamos por terceiro ano consecutivo que o enorme esforzo que supón a nosa estratexia promocional non o fai ningunha outra asociación; as demais limitáanse a traballar nos *stands* das súas comunidades. Aínda así, parece que este ano a nosa táctica promocional xa levantou o interese dos compañeiros de APIE, que este ano acudiron a mover por alí o seu primeiro catálogo.
3. De novo, este ano algún editor confundíume cun axente de ilustradores e tiven que explicarlle que eu fago ese traballo de maneira altruísta e que o noso catálogo é dunha asociación e non dunha axencia. Isto fíxeme reflexionar unha vez máis sobre esta parte de traballo que facemos, porque talvez habería que contratar a un axente se realmente queremos seguir facendo este exhaustivo traballo, e que a nosa representación oficial alí estea exclusivamente dedicada aos contactos institucionais, reunións de FADIP ou EIF, etc.
4. Asistir só parecía unha misión complicada este ano, pero ao final deu tempo a facer bastantes cousas. O maior freo foi perder un día e medio de feira pola xestión de viaxe que fixo a Xunta.
5. Sobre as editoriais, digamos que este ano moitas non contaban coa presenza dos seus directores de arte. Abundaba a figura do comercial; estase a perder un pouco a forza que tiña en anos anteriores, de cara a moverse os ilustradores. Realmente isto podería deberse ao momento de crise internacional que vivimos. A miña hipótese é que este ano moitas editoriais enviaron menos persoal para aforrar gastos e que en xeral os

- editores andaban máis con ganas de vender que de mercar, aínda que é só unha hipótese xerada polo que eu percibín no ambiente.
6. A lista de editoriais contactadas pode consultarse no informe do ano anterior, xa que non houbo novidades, como antes mencionaba.
 7. Foron dous días e medio esgotadores.

NOTA: Especialmente de cara a novos socios, redactei un anexo coa relación de siglas nomeadas neste informe que podería ser xa de uso xeral para familiarizarse con entidades achegadas á nosa asociación.

Anexo 1: Siglas de entidades

EIF

European Illustrators Forum. Organización europea que acolle as diferentes asociacións de ilustradores profesionais (entre elas, FADIP e AGPI).

FADIP

Federación de Asociaciones de Ilustradores Profesionales. É a federación española que acolle as asociacións que a continuación se mencionan.

AGPI

Asociación Galega de Profesionais da Ilustración.

APIE-EIEP

Asociación Profesional de Ilustradores de Euskadi.

APIV

Associació Professional d'Il·lustradors de València.

APIM

Asociación Profesional de Ilustradores de Madrid.

APIC

Associació Professional d'Il·lustradors de Catalunya.

IBBY

The International Board on Books for Young People. É un colectivo sen ánimo de lucro. Está composto por asociacións e persoas de todo o mundo comprometidas coa idea de propiciar o encontro entre os libros e a infancia.

OEPLI

Organización Española Para el Libro Infantil. Encargada, entre outras cousas, da organización do Premio Lazarillo. É a delegación española do IBBY.

GÁLIX

Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil. É a delegación galega da OEPLI.

AGE

Asociación Galega de Editores.